

## TARXETA VIOLETA

A Asemblea da Federación Galega de Balonmán aprobou a Tarxeta Violeta para a tempada 19/20, polo que nesta circular descríbese a súa normativa e acláranse posibles dúbidas que poidan xurdir.

A Tarxeta Violeta utilizarase en categorías base (cadetes e inferiores) ante incidentes reiterados que revistan unha conducta ou comportamento de especial gravidade e transcendencia que poidan afectar ós/ás xogadores/as, árbitros/as ou espectadores/as do encontro, que obriguen á interrupción do mesmo.

O fin desta tarxeta é conseguir que cesen ditos comportamentos ofensivos, tanto por parte dos responsables de ambos equipos coma do público asistente.

Unha vez producida a conducta descrita no párrafo anterior, o colexiado amosará a Tarxeta Violeta e deberá apercibir ó responsable do equipo ou ó delegado de campo.

### O protocolo a seguir será o seguinte:

No suposto de que os feitos fosen producidos polo público asistente, o colexiado informará de que a reiteración das condutas ou feitos similares da mesma gravidade, suporán a exhibición da Tarxeta Violeta ó responsable do equipo ó que pertenza o público causante do incidente.

A exhibición da Tarxeta Violeta conlevará que o colexiado deixará de arbitrar o encontro e será o adestrador do equipo ó que lle foi exhibida a tarxeta violeta, tanto a título persoal como colectivo (por incidentes de público), o que continuará arbitrando o encontro ata a súa finalización.

O Comité de Competición, verificará que a Tarxeta Violeta foi debidamente exhibida e dará o partido por perdido cun resultado de 10-0 ó equipo infractor.

A negativa do responsable a continuar arbitrando o encontro será causa de sanción disciplinaria por incumprimento das ordes emanadas dos compoñentes do equipo arbitral.

Os colexiados velarán pola aplicación proporcionada desta norma, que en todo caso, ten carácter excepcional.

O Delegado de Campo colaborará en todo momento co equipo arbitral a fin de evitar, na medida do posible, a realización desta conducta e no seu caso para identificar a que equipo pertencen os seguidores que provocan os incidentes, o que en todo caso deberá ser debidamente reflexado no acta do partido.

A exhibición da Tarxeta Violeta non exime da imposición das sancións correspondentes recollidas no RRDG polo Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán ou polas autoridades competentes, no seu caso.

### **¿CÓMO VERIFICA O ÁRBITRO/A QUE O ADESTRADOR/A OU RESPONSABLE DO EQUIPO QUE RECIBIU A TARXETA VIOLETA CONTINÚA ARBITRANDO O ENCONTRO?**

Se o árbitro decide abandonar o pavillón porque a súa integridade física corre perigo, será o delegado de campo en colaboración coa mesa, os que deberán comunicar á Federación Galega de Balonmán a finalización do partido e o resultado do mesmo, aínda que sexa irrelevante para a competición.

O colexiado debe deixar unha copia do acta e do anexo cubertos cos datos do encontro na parte superior que deberá ser remitida polo club á Federación. Os documentos deberán reflexar o resultado final e ser asinados polo delegado de campo e responsables. A comunicación realizarase vía email ó Comité de Competición nun prazo máximo de 24 horas.

### **¿A QUEEN SE LLE AMOSA A TARXETA VIOLETA?**

- Cando é un adestrador ou responsable o infractor, a el mesmo.
- Cando é o público asistente, debe ser tamén ó adestrador do equipo ó que pertenza a persoa infractora, previa advertencia ó delegado de campo.

**¿CÓMO DEBE IDENTIFICAR O COLEXIADO/A A QUE EQUIPO PERTENCE UN/A AFECCIONADO/A?**

En primeiro lugar, o colexiado/a debe realizar unha advertencia ao delegado de campo ou responsable locatario para que este/a trate de calmar a situación ou desaloxar ao público responsable dos feitos. O delegado/a debe confirmar a que afección corresponde o público causante da incidencia, ben a través das forzas de seguridade públicas ou dalgún tipo de proba concluínte, podendo paralizar o encontro durante o tempo que fose necesario.

En, Vigo, o 20 de setembro de 2019.

